



GUÍA INTERPRETATIVA DA D. X. DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE SOBRE OS ANEXOS DA LEI 21/2013, DO 9 DE DECEMBRO, DE AVALIACIÓN AMBIENTAL

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

XUNTA DE GALICIA



**XUNTA
DE GALICIA**



Documento interactivo

Navegabilidade interna

Coa finalidade de **facilitar a súa lectura** e desprazamentos internos, esta publicación e as páxinas que a integran son **documentos interactivos**.

Así pois, **facilítase a navegabilidade** interna mediante:



1

O índice xeral, dende o que se pode acceder directamente aos correspondentes artigos, simplemente con facer click nos títulos.



2

Dende cada unha das páxinas interiores impares, a través do menú icónico situado no extremo superior dereito:

Regreso ao
índice xeral

Páxina anterior
e seguinte



Contido

INTRODUCCIÓN	3
ANEXO I	5
Proxectos sometidos a avaliación ambiental ordinaria	5
ANEXO II	7
Proxectos sometidos a avaliación ambiental simplificada	7



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE MEDIO AMBIENTE
E CAMBIO CLIMÁTICO

INTRODUCCIÓN

O Real Decreto 445/2023, do 13 de xuño, polo que se modifican os anexos I, II e III da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 141, do 14.06.2023) introduciu unha serie de modificacións que cómpre matizar e interpretar co fin de ofrecer seguridade xurídica a todas as partes implicadas no procedemento de avaliación ambiental, xa que no momento actual tanto os distintos órganos administrativos (ambientais e non ambientais), como os promotores e o público en xeral atópanse nunha situación de incerteza e falta de garantías á hora de exercer os seus dereitos e obrigas, respectivamente.

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, é a norma básica estatal en materia de avaliación de impacto ambiental dos plans, programas e proxectos. É así en virtude do artigo 149.1.23.^a da Constitución Española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación xeral básica de protección do medio ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é o órgano competente en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana, así como da avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, de acordo do disposto no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (DOG núm. 101, do 27.05.2024), modificado polo Decreto 192/2024, do 9 de decembro.

Para tratar de resolver a problemática xurdida logo da entrada en vigor do citado Real Decreto 445/2023, do 13 de xuño, e co fin de garantir unha aplicación óptima e eficiente da normativa de avaliación ambiental, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade establece os seguintes criterios para a interpretación dos anexos da Lei 21/2013, do 9 de decembro.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE MEDIO AMBIENTE
E CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO I

Proxectos sometidos a avaliación ambiental ordinaria

1.

A efectos do establecido na definición do **Grupo 5. Industria química, petroquímica, téxtil e papeleira. a) Instalacións para a produción a escala industrial de substancias mediante transformación química ou biolóxica, dos produtos ou grupos de determinados produtos**, considerárase escala industrial a efectos da avaliación de proxectos aquela na que as operacións de produción teñan fins comerciais. Polo tanto, as instalacións piloto, de investigación de procesos, farmacéuticas para produción de vacinas unitarias ou que se destinen a autoconsumo, non terán a consideración de escala industrial e non estarán sometidas a avaliación ambiental ordinaria.

2.

Para o **Grupo 9. Outros proxectos**, a efectos do establecido na definición **a) 2º. Concentracións parcelarias**, dado que a concentración parcelaria é un conxunto de actuacións técnicas, xurídicas e administrativas cuxo fin primordial é a constitución de explotacións agrarias de estrutura e dimensións adecuadas, considerárase, a efectos de avaliación de impacto ambiental, só aquelas concentracións parcelarias que impliquen modificacións físicas da contorna (apertura de camiños, que supoñan unha alteración substancial da cuberta vexetal, etc.) e non aquelas cuxa reorganización sexa unicamente administrativa.

3.

Igualmente, a efectos do establecido na definición do **Grupo 9. Outros proxectos. a) 10º) Liñas para a transmisión de enerxía eléctrica cunha lonxitude superior a 3 km, excluídas as que atravesen zonas urbanizadas**, consideráranse zonas urbanizadas, atendendo ao establecido no Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, todas aquelas nas que a clasificación do solo sexa urbano; e, tendo en conta o réxime de clasificación do solo establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aquelas outras nas que a dita clasificación sexa de núcleo rural.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE MEDIO AMBIENTE
E CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO II

Proxectos sometidos a avaliación ambiental simplificada

1.

En coherencia co establecido para os proxectos do Anexo I, para o **Grupo 1. Agricultura, silvicultura, acuicultura e gandería. a) Proxectos de concentración parcelaria**, dado que a concentración parcelaria é un conxunto de actuacións técnicas, xurídicas e administrativas cuxo fin primordial é a constitución de explotacións agrarias de estrutura e dimensións adecuadas, consideraranse, a efectos de avaliación de impacto ambiental, só aquelas concentracións parcelarias que impliquen modificacións físicas da contorna (apertura de camiños, que supoñan unha alteración substancial da cuberta vexetal, etc.) e non aquelas cuxa reorganización sexa unicamente administrativa.

2.

A efectos do establecido na definición do **Grupo 1. Agricultura, silvicultura, acuicultura e gandería. b) Talla ou destrución masiva de vexetación forestal para cambiar o tipo de funcionalidade ou uso do solo de 10 ou máis hectáreas, así como as comprendidas entre 1 e 10 h, que cumpran os criterios xerais 1 ou 2, ou que supoñan a eliminación de arboredo en máis de 1 ha, se desenvolvan en zonas con niveis de erosión hídrica $>10 \text{ t/ha*ano}$ (Inventario Nacional de Erosión de Solos, INES) ou se realicen en zonas en que a vexetación natural ou seminatural ocupe menos do 5 % da superficie (círculo de 1 km de radio), e no Grupo 1. Agricultura, silvicultura, acuicultura e gandería. d) Proxectos para destinar áreas incultas ou con vexetación natural ou seminatural á explotación agrícola de 10 ou máis hectáreas, así como as comprendidas entre 1 e 10 hectáreas que cumpran os criterios xerais 1 ou 2, ou que supoñan a eliminación de arboredo en máis de 1 ha, ou que ocupen canles ou humidaís permanentes ou estacionais representados no mapa IGN a escala 1:25.000, ou se desenvolvan en zonas con niveis de erosión hídrica $>10 \text{ t/ha*ano}$ (INES), ou se realicen en zonas en que a vexetación natural ou seminatural ocupe menos do 5% da superficie (círculo de 1 km de radio)**, para determinar se un proxecto debe someterse a avaliación de impacto ambiental simplificada deberá comprobarse que se trate dunha talla ou destrución masiva de vexetación forestal para cambiar o tipo de funcionalidade ou uso do solo ou dun proxecto para destinar áreas incultas ou con vexetación natural ou seminatural á explotación agrícola, cuestións que deberán ser acreditadas polo órgano substantivo, tendo en conta os obxectivos e criterios establecidos pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación de terra agraria de Galicia.

É dicir, no caso do epígrafe **b)**, someteranse ao procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada aqueles proxectos de talla ou destrución

masiva de vexetación forestal para cambiar o tipo de funcionalidade ou uso do solo de:

» **10 ou máis hectáreas**

» **Entre 1 e 10 hectáreas, se se atopa incluído nalgún dos seguintes supostos:**

- Que cumpran os criterios xerais 1 ou 2
- Que supoñan a eliminación de arboredo en máis de 1 ha e se desenvolvan en zonas con niveis de erosión hídrica >10 t/ha/ano (Inventario Nacional de Erosión de Solos, INES)
- Que supoñan a eliminación de arboredo en máis de 1 ha e se desenvolvan en zonas nas que a vexetación natural ou seminatural ocupe menos do 5 % da superficie (círculo de 1 km de radio)

E no caso do epígrafe **d)**, someteranse ao procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada aqueles proxectos para destinar áreas incultas ou con vexetación natural ou seminatural á explotación agrícola de:

» **10 ou máis hectáreas**

» **Entre 1 e 10 hectáreas, se se atopa incluído nalgún dos seguintes supostos:**

- Que cumpran os criterios xerais 1 ou 2
- Que supoñan a eliminación de arboredo en máis de 1 ha e se desenvolvan en zonas con niveis de erosión hídrica >10 t/ha/ano (Inventario Nacional de Erosión de Solos, INES)
- Que supoñan a eliminación de arboredo en máis de 1 ha e se desenvolvan en zonas nas que a vexetación natural ou seminatural ocupe menos do 5 % da superficie (círculo de 1 km de radio)
- Que ocupen cauces ou humidais permanentes ou estacionais representados no mapa IGN a escala 1:25.000

Para iso, teranse en conta as definicións de cambio de uso do solo e de terreos incultos e áreas seminaturais contidas no Anexo VI da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Así mesmo, para ambos supostos, someteranse ao procedemento simplificado de avaliación, en calquera caso, ademais de no resto de supostos establecidos no epígrafe, todos os proxectos de talla de máis de 1 ha onde o promotor non puidese previamente xustificar que se desenvolvan en zonas con niveis de erosión hídrica ≤ 10 t/ha*ano.

A efectos do establecido no **Grupo 1. Agricultura, silvicultura, acuicultura e gandería**. b) *Talla ou destrución masiva de vexetación forestal para cambiar*

o tipo de funcionalidade ou uso do solo, non se considerará cambio de funcionalidade o aproveitamento de pastos en terreos forestais nos termos da Instrución do 11.03.2021, conxunta da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se ditan os criterios técnicos de aplicación de cara a tramitación de cambios de aproveitamento forestal, en terreos situados fóra da Rede Galega de Espazos Protexidos, xa que a implantación de pasteiros en terreos forestais fóra da Rede Galega de Espazos Protexidos non constitúen un cambio de uso.

3.

A efectos do establecido na definición do **Grupo 1. Agricultura, silvicultura, acuicultura e gandería**. c) *Proxectos de xestión de recursos hídricos para a agricultura: Proxectos de transformación, ampliación ou consolidación de regadíos de 10 ou máis hectáreas; así como os comprendidos entre 1 ha e 10 ha que cumpran algún dos criterios xerais, ou que ocupen canles ou humidaís permanentes ou estacionais representados no mapa do Instituto Xeográfico Nacional (IGN) a escala 1:25.000, ou se desenvolvan en zonas con niveis de erosión hídrica >10 t/ha*ano (Inventario Nacional de Erosión de Solos, INES), someteranse ao procedemento simplificado de avaliación en calquera caso, ademais de no resto de supostos establecidos no epígrafe, todos os proxectos de regadío de máis de 1 ha onde o promotor non puidese previamente xustificar que se desenvolvan en zonas con niveis erosión hídrica ≤10 t/ha*ano.*

O mesmo criterio, no seu caso, aplicarase aos proxectos de mellora ou modernización de regadíos, e para os proxectos para destinar áreas incultas ou con vexetación natural a explotación agrícola.

4.

A efectos do establecido na definición do **Grupo 2. Industria de produtos alimenticios**, consideraranse instalacións industriais aquelas que leven a cabo unha produción mecanizada.

5.

A efectos do establecido na definición do **Grupo 2. Industria de produtos alimenticios**. b) *Instalacións industriais para o envasado e enlatado de produtos animais e vexetais, dado que o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia xa contempla o sometemento a incidencia ambiental de actividades o tratamento e transformación, diferente do mero envasado, de materias primas animais e vexetais, tratadas ou non previamente, destinadas á fabricación de produtos alimenticios ou pensos, en aplicación dos principios de mínima intervención e de eficiencia, só se someterán ao procedemento de avaliación de impacto ambiental*

simplificada as instalacións industriais para o envasado e enlatado de produtos animais con capacidade igual ou superior a 75 t/día e de produtos vexetais con capacidade igual ou superior a 300 t/día.

Así mesmo, as modificacións e/ou ampliacións deste tipo de instalacións que, antes da entrada en vigor do Real Decreto 445/2023, do 13 de xuño, se atopasen incluídas no ámbito de aplicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro e, polo tanto, xa se someteran a avaliación de incidencia ambiental, sempre que as ditas modificacións e/ou ampliacións non supoñan por si mesmas o sometemento ao procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, tramitaranse no marco da avaliación de incidencia ambiental regulada pola Lei 9/2013, do 19 de decembro.

6.

A efectos do establecido no **Grupo 2. Industria de produtos alimenticios. c) Instalacións industriais para fabricación de produtos lácteos**, dado que o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, xa contempla o sometemento a incidencia ambiental de actividades das *instalacións de tratamento e transformación só de leite, cunha cantidade de leite recibida entre 20 e 200 toneladas por día (valor medio anual)*, en aplicación dos principios de mínima intervención e de eficiencia, só se someterán ao procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada as instalacións deste tipo que, empregando exclusivamente leite para a fabricación de produtos lácteos, reciban unha cantidade superior a 200 toneladas por día (valor medio anual).

Ao igual que no apartado **b)**, as modificacións e/ou ampliacións deste tipo de instalacións que, antes da entrada en vigor do Real Decreto 445/2023, do 13 de xuño, se atopasen incluídas no ámbito de aplicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro e, polo tanto, xa se someteran a avaliación de incidencia ambiental, sempre que as ditas modificacións e/ou ampliacións non supoñan por si mesmas o sometemento ao procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, tramitaranse no marco da avaliación de incidencia ambiental regulada pola Lei 9/2013, do 19 de decembro.

7.

A efectos do establecido na definición do **Grupo 2. Industria de produtos alimenticios. f) Instalacións para o sacrificio ou despezamento de animais**, dado que o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, xa contempla o sometemento a incidencia ambiental de actividades das instalacións para o sacrificio e/ou despezamento de animais cunha capacidade de produción de canles de entre 5 e 50 toneladas por día, en aplicación dos principios de mínima intervención e de eficiencia, só se someterán ao procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada as instalacións para o sacrificio ou despezamento de animais cunha capacidade de produción de canles maior de 50 t/día de media anual.

Ao igual que nos apartados **b)** e **c)**, as modificacións e/ou ampliacións deste tipo de instalacións que, antes da entrada en vigor do Real Decreto 445/2023, do 13

de xuño, se atopasen incluídas no ámbito de aplicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro e, polo tanto, xa se someteran a avaliación de incidencia ambiental, sempre que as ditas modificacións e/ou ampliacións non supoñan por si mesmas o sometemento ao procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, tramitaranse no marco da avaliación de incidencia ambiental regulada pola Lei 9/2013, do 19 de decembro.

8.

A efectos do establecido na definición do **Grupo 4. Industria enerxética. Instalacións industriais**, terán a consideración de instalacións industriais aquelas nas que as operacións de produción teñen fins comerciais, independentemente do tamaño da industria.

9.

A efectos do establecido na definición do **Grupo 4. j) Instalacións para a produción de enerxía eléctrica a partir da enerxía solar non incluídas no anexo I, nin instaladas sobre cubertas ou tellados de edificios, así como, as que ocupen unha superficie inferior a 5 ha salvo que cumpran os criterios xerais 1 ou 2**, ao ter unha redacción que se considera contraditoria, só se considerará que están sometidos ao procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada aqueles proxectos de instalacións para a produción de enerxía eléctrica a partir da enerxía solar non incluídas no anexo I, nin instaladas sobre cubertas ou tellados de edificios, que ocupen unha superficie igual ou superior a 5 ha, ou de superficie inferior se cumpren os criterios xerais 1 ou 2.

10.

Neste Grupo 4, ademais, para os epígrafes *a) Producción de electricidade, vapor e auga quente; k) Almacenamento para uso industrial de gas natural sobre o terreo, l) almacenamento subterráneo para uso industrial de gases combustibles e m) almacenamento sobre o terreo para uso industrial de combustibles fósiles non incluídos no anexo I*, só se considerará que están sometidos ao procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada os proxectos desenvolvidos por industrias enerxéticas, dado o grupo de proxectos no que se atopan encaдрados. Quedarán, polo tanto, fóra do ámbito de aplicación da norma aqueles proxectos destas características desenvolvidos por industrias cuxa actividade principal é distinta da que se regula neste grupo.

Os grupos electrógenos destinados ao funcionamento de sistemas de emerxencia, dado o limitado réxime de funcionamento dos mesmos, así como os depósitos de almacenamento de produtos petrolíferos a eles asociados, non se consideran sometidos a avaliación de impacto ambiental.

11.

A efectos do establecido na definición do **Grupo 4. Industria enerxética. b)** *Construción de liñas para a transmisión de enerxía eléctrica (proxectos non incluídos no anexo I) cunha voltaxe igual ou superior a 15 kV, que teñan unha lonxitude superior a 3 km, así como as súas subestacións asociadas, así como por baixo dos anteriores limiares cando cumpran os criterios xerais 1 ou 2, ou non inclúan as medidas preventivas establecidas no Real Decreto 1432/2008, do 29 de agosto, polo que se establecen medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión, ou discorran a menos de 200 m de poboación ou de 100 m de vivendas illadas nalgunha parte do seu percorrido, salvo que discorran integramente en subterráneo por solo urbanizado*, enténdense incluídas neste epígrafe unicamente as liñas eléctricas de tensión superior a 1kV ($V \geq 1\text{kV}$), quedando excluídas en todo caso as liñas eléctricas por debaixo dese limiar ($V < 1\text{kV}$) e aquelas outras actuacións recollidas na Instrución 1/2023, do 2 de novembro, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se modifica a Instrución 2/2020, do 26 de agosto, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre a tramitación administrativa de modificacións de instalacións eléctricas de alta tensión de transporte, distribución ou instalacións de conexión de xeradores (DOG núm. 216, do 14.11.2023).

Ademais, considerarase solo urbanizado o definido nos artigos 21.3 e 21.4 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana. Isto inclúe todas aquelas zonas nas que a clasificación do solo sexa urbano ou de núcleo rural. Ademais, deben excluírse do trámite de avaliación de impacto ambiental simplificada os proxectos de liñas cuxo trazado principal discorra soterrado ao longo de viarios existentes (incluíndo, ademais, tanto a zona de dominio público como a de servidume dos ditos viarios), mesmo se o seu trazado discorre fóra de solo urbano ou de núcleo rural.

Con relación ás vivendas illadas, a agrupación de dúas ou máis vivendas, situadas en parcelas contiguas, considerarase poboación. Ademais, a distancia de 100 m refírese á edificación e non ao límite da parcela na que se atopa.

Tampouco se someterán a avaliación de impacto ambiental, salvo que se desenvolvan en espazos protexidos da Rede Natura 2000, en espazos naturais protexidos, en humidaís de importancia internacional (Ramsar), en sitios naturais da Lista do Patrimonio Mundial, en áreas ou zonas protexidas dos Convenios para a protección do medio ambiente mariño do Atlántico do Nordeste (OSPAR) e en zonas núcleo ou tampón de Reservas da Biosfera da UNESCO, os proxectos de mantemento, adaptación ou renovación de liñas existentes, así como as modificacións das liñas existentes cando non varíe o seu trazado ou, no seu caso, o promotor xustifique de xeito motivado que a variación do mesmo non terá efectos significativos e non existe unha alternativa técnica a ela.

12.

A efectos do establecido na definición do **Grupo 6. Industria química, petroquímica, téxtil e papeleira**, consideraranse instalacións industriais a efectos da avaliación de proxectos aquelas nas que as operacións de produción teñen fins comerciais, independentemente do tamaño da industria. Polo tanto, as instalacións piloto, de investigación de procesos, ou que se dediquen a autoconsumo, non terán a consideración de escala industrial e non estarán sometidas ao procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada, sempre que, no caso das instalacións piloto e de investigación de procesos a duración do proxecto non sexa superior a dous anos.

13.

A efectos do establecido na definición do **Grupo 7. Proxectos de Infraestruturas**. a) *Proxectos de zonas industriais*, consideraranse os proxectos de urbanización dos polígonos industriais.

A efectos do establecido na definición do **Grupo 7. Proxectos de Infraestruturas**. b) *Proxectos de urbanizacións, incluída a construción de centros comerciais e aparcamentos*, consideraranse **aparcamentos** aqueles espazos destinados á estancia de vehículos que non teñan a consideración de garaxe e que se sitúen fóra dunha zona xa urbanizada..

14.

A efectos do establecido na definición do **Grupo 9. Outros proxectos**. h) *Campamentos permanentes para tendas de campaña ou caravanas*, considérase incluído nese epígrafe calquera outro elemento transportable que cumpra o mesmo fin que unha tenda de campaña ou unha autocaravana, así como outras instalacións estables destinadas ao aloxamento temporal, como cabanas, **bungalows** ou similares, que se desenvolvan fóra de zonas urbanas.

15.

A efectos do establecido na definición do **Grupo 9. Outros proxectos**. k) *Urbanizacións turísticas e complexos hostaleiros fóra zonas urbanas e construcións asociadas*, respecto das urbanizacións turísticas, someteranse ao procedemento simplificado de avaliación de impacto ambiental os proxectos de instalacións dedicados en exclusiva ao uso turístico e consideraranse urbanización turística a agrupación de dous ou máis elementos destinados a ese fin.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE MEDIO AMBIENTE
E CAMBIO CLIMÁTICO